

## Acta da reunión do Consello de Departamento

## ASISTENTES

Álvarez Sabucedo, Luis M.  
Anido Rifón, Luis E.  
Blanco Fernández, Yolanda  
Burguillo Rial, Juan C.  
Costa Montenegro, Enrique  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fernández Iglesias, Manuel J.  
Fernández Veiga, Manuel  
Gil Castiñeira, Felipe  
Gil Solla, Alberto  
González Castaño, Francisco J.  
Herrera Alonso, Sergio  
Llamas Nistal, Martín  
López Ardao, José C.  
López Bravo, Cristina  
López García, Cándido A.  
López Nores, Martín  
Mikic Fonte, Fernando A.  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Pérez, Miguel  
Rodríguez Rubio, Raúl F.  
Santos Gago, Juan M.  
Suárez González, Andrés

## ESCUSAN ASISTENCIA

Caciro Rodríguez, Manuel  
Rodríguez Hernández, Pedro S.  
Sousa Vieira, M<sup>a</sup> Estrella

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 18 de abril de 2017, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na sala de xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O martes 18 de abril de 2017 ás 13:05 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 14 de febreiro de 2017.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre a celebración dunha reunión sobre o Máster de Ciberseguridade que se quere impartir na Universidade de Vigo o pasado venres 7 de abril. Nesa xuntanza non se confirmou nin a concesión de dito Máster por parte da Xunta nin a súa natureza (independente ou coordinado coa Universidade da Coruña). Asemade, infórmase de que no caso de ser concedido, haberá un prazo de aproximadamente un mes para poder acordar o plan de estudos da nova titulación.

3. Revisión e modificación, se procede, do mecanismo de reparto da folgura que o Departamento asigna a cada profesor para elaborar o POD do curso 2017-2018.

O Consello de Departamento vota consecutivamente sobre os seguintes esquemas:

(i) Posibilidade de eliminar ou manter un mínimo de docencia que cada profesor debe impartir:

- Votos a favor de manter un mínimo correspondente ó 25% da dedicación docente: 8
- Votos a favor de eliminar dito mínimo: 11
- Abstencións: 4

Apróbase eliminar o mínimo de docencia que cada profesor debe asumir.

(ii) Posibilidade de repartir equitativa ou proporcionalmente a folgura do Departamento:

- Votos a favor do reparto equitativo: 12
- Votos a favor dun reparto proporcional: 4
- Abstencións: 7

Apróbase repartir uniformemente a folgura entre tódolos profesores do Departamento.

(iii) Posibilidade de repartir a folgura á que algúns profesores desexan renunciar de maneira equitativa, ou xerar unha bolsa de horas a partir da mesma que será xestionada pola Dirección para tratar de eliminar a fragmentación de materias e os problemas ós que se enfrontan os profesores que elixen docencia nos últimos lugares.

- Votos a favor da bolsa de horas xestionada pola Dirección: 23
- Votos a favor do reparto equitativo da folgura extra: 0
- Abstencións: 0

Apróbase a creación dunha bolsa de horas a partir das renuncias de folgura dos profesores que así o desexen que será xestionada pola Dirección do Departamento mediante unha estratexia que se presentará xunto coa proposta do POD do curso 2017-2018.

4. Asuntos de trámite.

Non hai.

5. Rogos e Preguntas.

O profesor Miguel Rodríguez Pérez roga á Dirección que estudien a posibilidade de tirar o tabique que separa os despachos B-105 e B-106 para dispoñer dun espacio maior.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:05 horas do día 18 de abril de 2017, da que eu como Secretaria do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

A Secretaria do Departamento

Dr. D. Raúl F. Rodríguez Rubio

Dra. D<sup>a</sup>. Yolanda Blanco Fernández